

## **Santalices pide que a recuperación económica “se estenda a todas e todos”, con “máis empregos” e “incrementos salariais”**

- **O presidente do Parlamento exerce como delegado rexio na Ofrenda da Translación que se celebrou na Catedral de Santiago**
- **O oferente anima a reflexionar sobre os erros do pasado para “deixarse guiar pola conciencia, velar polo cumprimento da lei e poñer as persoas no centro das nosas decisións”**
- **“Que o conxunto dos pobos de España superemos diferenzas e sexamos capaces de tender pontes que faciliten a convivencia”**
- **“Europa precisa de líderes e proxectos capaces de devolver a ilusión sobre as bases de sempre: paz, progreso e dereitos humanos, valores eternos e consubstanciais ao humanismo cristiá que nutre as nosas raíces máis profundas”**

**Santiago, 30 de decembro de 2017.-** O presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices Vieira, exerceu hoxe como delegado rexio na Ofrenda da Translación celebrada na Catedral de Santiago, unha tradición de varios séculos na que o oferente quixo “compartir as angurias e as ilusións do noso pobo, persuadido de que é a nós, os homes e mulleres desta terra, a quen corresponde labrar o noso futuro”.

Para Santalices, a ofrenda “reafirma os vínculos da coroa cos valores, as tradicións e os símbolos xacobeos”.

Afirmou o presidente do Parlamento de Galicia que “saímos dunha crise intensa –económica, pero tamén de valores- que castigou con forza a infinidade de familias e fogares. Coa recuperación chegou, por tanto, o tempo de que esta se estenda a todas e a todos, en forma de máis emprego, e tamén de incrementos salariais acordes cos beneficios das empresas”.

Na súa invocación, o delegado rexio animou a reflexionar “sobre os erros de onte, no ámbito público e no das empresas, especialmente no sector financeiro, onde puntualmente puido semellar que a cobiza se antepuña á ética. Chegou o tempo de deixarse guiar pola conciencia, velar polo cumprimento da lei e poñer ás persoas no centro das nosas decisións. Facelo desde a ética, con responsabilidade e sen tentacións demagóxicas ou curtopracistas”.

### **Renovar valores e comportamentos caducos**

Neste chamamento a renovar “valores e comportamentos caducos”, Santalices Vieira animou a traballar con “afán de inclusión, contando con todos”, ao tempo que instou a utilizar as “ferramentas de participación democrática”.

Considerou que a celebración do Ano Europeo do Patrimonio Cultural en 2018 ofrece a posibilidade de “cultivar a diversidade e o diálogo entre pobos e culturas, propiciar o coñecemento, o respecto e a comprensión mutuas, desde a tolerancia”.

Recordou Santalices que se veñen de cumprir 70 anos da redacción de *Alba de Gloria*, “o máis fermoso discurso da historia de Galicia”, obra de Castelao “daquela xa enfermo e decepcionado, vítima do desterro ao que, coma el, foran abocados milleiros de irmáns nosos. Malditas sexan todas as guerras e todas as ditaduras”.

Avogou polo coñecemento da historia e tamén por “fuxir da tentación de reabrir feridas que aviven ciúmes ou dificulten a convivencia”.

O delegado rexio tivo presente á “xuventude, formada e responsable, que necesita e merece unha oportunidade laboral a partir da que construír o seu propio futuro e mesmo superar un dos nosos maiores retos, o devalo demográfico”. Referiuse tamén ás persoas enfermas, as vítimas da violencia de xénero, as persoas refuxiadas ou sen fogar e a “todos os que sofren, sexa cal sexa a causa”.

## **Violencia incompatible coa relixión**

O presidente do Parlamento de Galicia sumouse ás peticións do Papa Francisco para que cesen todos os enfrontamentos de base étnica ou relixiosa e subliñou que “nada hai máis sagrado que a vida humana e o respecto á liberdade dos nosos semellantes”. Por iso, afirmou, “nunca a violencia, o enfrontamento armado ou a destrución da dignidade humana poden atopar xustificación” na relixión.

Santalices Vieira cualificou de “tesouro” o feito diferencial galego, cunha historia, un territorio e unha fala que integran a cultura de Galicia. “Unha Galicia –dixo- que nas últimas catro décadas se dotou das súas propias institucións de autogoberno, exemplo para moitos”.

O titular do Legislativo galego destacou a capacidade de integración de Galicia na “España plural e diversa, cunha democracia consolidada que nos permitiu acadar as maiores cotas de estabilidade, liberdade, benestar e progreso de todos os tempos”. Integración tamén na Unión Europea, “o maior espazo de democracia, prosperidade e respecto aos dereitos humanos de todo o mundo”. Apuntou tamén que “ser galego propicia unha relación fraternal con América, outrora fogar de acollida e hoxe espazo de proxección e intercambio, prolongación natural desta Iberia nosa”.

### **“Redescubrir o que nos une”**

Nunha intervención en galego e castelán, o oferente avogou porque “o conxunto dos pobos de España superemos diferenzas e sexamos capaces de tender pontes que faciliten a convivencia harmónica entre cidadáns que, a pesar das súas diversas sensibilidades, comparten tamén, ao mellor sen percatarse, intereses e valores comúns que debemos cultivar e potenciar. Redescubrir o que nos une”.

O presidente do Parlamento de Galicia invocou a protección do Apóstolo Santiago para o Rei Felipe VI e a súa familia, “para que continúe exercendo as súas funcións constitucionais con acerto, sabiduría e prudencia, porque o seu éxito será o de todos os españois”.

Departamento de Prensa: Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia

Tel. 981 551 329 – Fax.: 981 551 400; e-mail: carlos.varela.castineiras@parlamentodegalicia.gal

Na invocación, o delegado rexio incluíu tamén aos responsables públicos, “para que a búsqueda do benestar da cidadanía guíe cada un dos nosos pasos”. Pidiu tamén “solidariedade e capacidade de entendemento” para construír unha sociedade máis harmónica, aberta a todas as sensibilidades”.

“Nun mundo que parece máis pendente das pantallas que das persoas –reflexionou Santalices na invocación ao Apóstolo-, acentúa a nosa capacidade de discernimento, recuperando a confianza e o papel insubstituíble dos profesionais da comunicación”.

Admitiu o oferente que “Europa, berce da civilización occidental, precisa de líderes e de proxectos capaces de devolver a ilusión sobre as bases de sempre: paz, progreso e promoción dos dereitos humanos, valores eternos e consubstanciais ao humanismo cristiá que nutre as nosas raíces máis profundas”.

## **Medio Ambiente**

Desafíos como o cambio climático, a contaminación a sobreexplotación dos recursos ou os incendios forestais que “tinguiron de loito e negrura extensos territorios de Galicia, de comunidades limítrofes como Castela e León ou Asturias, e do país irmán, Portugal”, foron tamén mencionadas na Ofrenda da Translación. Santalices Vieira reclamou “que todas e todos nos impliquemos máis intensamente no coidado do noso privilexiado medio ambiente e que os comportamentos criminais que atentan contra este patrimonio común sexan desterrados para sempre”.

“Para todas as Españas e para Galicia invoco a túa protección, señor Santiago: pido acerto para o día a día, e tamén saúde –o ben máis prezado ao que pode aspirar calquera- para, entre todos, sentar as bases dunha sociedade mellor, máis aberta, segura e solidaria”, rematou o delegado rexio.

Saúdos, Gabinete de Comunicación